

LAVANDERIA ANGEL'S

Un indio vello e alto, cuns pantalóns Levi's descoloridos e un fermoso cinto zuni¹. A melena de cabelo branco, amarrada nunha cola cun fío de lá violeta á altura da caluga. O estraño foi que, durante máis ou menos un ano, coincidimos en Angel's sempre á mesma hora. Pero non nas mesmas horas. Quero dicir, eu tanto podía ir ás sete da mañá do luns como ás seis e media da tarde dun venres e eu atopábalo alí.

Coa sra. Armitage fora diferente, aínda que ela tamén era vella. Iso foi en Nova York, na lavandería San Juan, na rúa 15. Os donos eran de Porto Rico. As lavadoras enchían de espuma o chan. Eu tiña entón nenos pequenos e adoitaba ir lavar os cueiros os xoves pola mañá. Ela vivía no piso de arriba, o 4-C. Unha mañá na lavandería deume unha chave e eu collina. Díxome que se algún xoves non a vía por alí, fixese o favor de entrar na súa casa, porque quería dicir que estaba morta. Era terrible pedirlle a alguén unha cousa así, e ademais obrigábame a facer a coada os xoves.

A señora Armitage morreu un luns, e nunca máis volvíñ á Lavandería San Juan. O porteiro atopouna. Non sei como.

¹ Cinto indio feito con contas.

Durante meses, na Lavandería Angel, o indio e eu non nos diriximos a palabra, pero sentabámonos un á beira do outro nas cadeiras amarelas de plástico, unidas en ringleira como as dos aeroportos. Rechinaban no linóleo rachado e o ruído daba denteira.

O indio adoitaba quedar alí sentado tomando grolos de Jim Beam, ollando par as miñas mans. Non directamente, senón polo espello colgado na parede, encima das lavadoras Speed Queen. Ao principio non me molestou. Un vello indio fitando as miñas mans a través do espello sucio, entre un cartel amarelado que anunciaba o prezo de pasar o FERRO 1,50 \$ A DUCIA e pregarias en rótulos laranxa fosforito. DEUS, CONCÉDEME A SERENIDADE PARA ACEPTAR AS COUSAS QUE NON PODO CAMBIAR. Ata que empecei a preguntarme se non tería unha especie de fetichismo coas mans. Poñíame nerviosa sentir que non deixaba de vixiarme mentres fumaba ou me soaba o nariz, mentres pasaba as follas de revistas de tanto tempo atrás. *Lady Bird Johnson, cando era primeira dama, baixando os rápidos.*

Ao final acabei por seguir a dirección da súa mirada. Vi que lle asomaba un sorriso ao darse conta de que tamén eu estábame observando as mans. Por vez primeira vez as nosas miradas

atopáronse no espello, debaixo do rótulo NON SOBRECARGUEN As LAVADORAS.

Había pánico nos meus ollos. . Mireime aos ollos e volví mirarme as mans. Horrendas manchas da idade, dúas cicatrices. Mans nada indias, mans nerviosas, desamparadas. Vi fillos e homes e xardíns nas miñas mans.

As súas mans ese día (o día en que eu me fixei nas miñas) agarraban as perneiras tirantes dos seus vaqueiros azuis. Normalmente tremíanlle moito e deixábaas apoiadas no colo, sen máis. Ese día, en cambio, apertábaas para conter os tremores. Facía tanta forza que os seus cotobelos da cor do adobe puxéronse brancos.

A única vez que falei fóra da lavandería coa señora Armitage foi cando o seu váter atascouse e a auga filtrouse ata a miña casa pola lámpada do teito. As luces seguían acendidas mentres a auga salpicaba un arco da vella a través delas. A muller agarroume do brazo coa súa man fría e moribunda e dixo: «Non é un milagre?».

O indio chamábase Tony. Era un apache *jicarilla* do norte. Un día, antes de velo, souben que a man tersa sobre o meu ombreiro era a súa. Deume tres moedas de dez centavos. Ao principio non entendín, estiven a piques de darlle as grazas, pero entón deime

conta de que tremía tanto que non podía poñer en marcha a secadora. Sobrio xa é difícil. Has de virar a frecha cunha man, meter a moeda coa outra, apertar o émbolo, e logo volver virar a frecha para a seguinte moeda.

Volveu máis tarde, borracho, xusto cando a súa roupa empezaba a esponxarse e caer solta no tambor. Non conseguiu abrir a portezuela, perdeu o coñecemento na cadeira amarela. Seguí dobrando a miña roupa, que xa estaba seca.

Angel e eu levamos a Tony ao cuarto onde pasaba o ferro e deitámolo no chan. Calor. Angel é quen colga nas paredes as pregarias e os lemas de AA. NON PENSES E NON BEBAS. Angel púxolle a Tony un calcetín húmido na fronte e axeonllouse ao seu lado.

—Irmán, creme, sei o que é... Estiven aí, na cloaca, onde estás ti. Sei exactamente como che sentes.

Tony non abriu os ollos. Calquera que diga que sabe como che sentes é un iluso.

A Lavandería Angel está en Albuquerque, Novo México. Rúa 4. Comercios destartalados e chatarrerías, locais onde venden cousas de segunda man: catres do exército, caixas de calcetíns soltos, edicións de *Hixiene feminina* de 1940. Almacéns de cereais e legumes, pensións para parellas e borrachos e anciás tinguidas

con henna que fan a coada na lavandería de Angel. Adolescentes chicanas recentemente casadas van á lavandería de Angel. Toallas, camisones rosas, braguitas que din «Xoves». Os seus maridos levan monos de faena con nomes impresos nos petos. Gústame esperar ata que aparecen na imaxe especular das secadoras. «Tina», «Corky», «Junior».

A xente que está de paso vai á lavandería de Angel. Colchóns sucios, tronas enferruxadas atadas ao teito de vellos Buick abolados. Tixolas aceitosas que gotean, cantimploras de lenzo que gotean. Lavadoras que gotean. Os homes quedan no coche bebendo, descamisados, e aplastan coa man as latas baleiras de cervexa Hamm's.

Pero sobre todo son indios os que van á lavandería de Angel. Indios pobo de San Felipe, Lagoa ou Sandía. Tony foi o único apache que coñecín, na lavandería ou en calquera outro sitio. Gústame mirar as secadoras cheas de roupas indias e seguir os brillantes remuíños de púrpuras, laranxas, vermellos e rosas ata quedarme coa vista torta.

Eu vou á lavandería de Angel. Non sei moi ben por que, non é só polos indios. Quédame lonxe, na outra punta da cidade. A unha mazá da miña casa está a do campus, con aire acondicionado, rock melódico no fío musical. *New Yorker, Ms.*, e

Cosmopolitan. As esposas dos axudantes de cátedra van alí e cómpranlles aos seus fillos chocalatinas Zero e Coca-Colas. A lavandería do campus ten un cartel, como a maioría das lavanderías, advertindo que está TERMINANTEMENTE PROHIBIDO LAVAR PEZAS QUE DESTINGAN. Percorrín toda a cidade cunha colcha verde no coche ata que entrei na lavandería de Angel e vin un cartel amarelo que dicía: AQUÍ PODES LAVAR MESMO ATA OS TRAJOS SUCIOS.

Reparei en que a colcha non se poñía dunha cor morada escura, aínda que si quedou dun verde máis parduzco, pero quixen volver de todos os xeitos. Gustábanme os indios e a súa coada. A máquina de Coca-Cola rota e o chan encharcado lembrábanme a Nova York. Portorriqueños pasando a fregona acotío. Alí a cabina telefónica estaba fóra de servizo, igual que a de Angel. Atoparía morta á señora Armitage se fose un xoves?

—Son o xefe da miña tribo —dixo o indio. Levaba un intre alí sentado, bebendo porto, fitándome as mans.

Contoume que a súa muller traballaba limpando casas. Tiveran catro fillos. O máis novo suicidouse, o maior morrera en Vietnam. Os outros dous eran condutores de autobuses escolares.

—Sabes por que me gustas? —preguntoume.

—Non, por que?

—Porque es unha pel vermella —sinalou a miña cara no espello. Teño a pel vermella, é verdade, e non, nunca vin a un indio de pel vermella.

Gustáballe o meu nome, e pronunciábao á italiana. Lu-chí-a. Estivera en Italia na Segunda Guerra Mundial. Como non, entre os seus belos colares de prata e turquesa levaba colgada unha placa. Tiña unha gran marca no bordo.

—Unha bala?

Non, adoitaba mordela cando estaba asustado ou tenso.

Unha vez propúxome que fósemos botarnos na súa furgoneta e descansásemos xuntos un intre.

—Os inuits chámano «rir xuntos» —sinalei o cartel verde lima, **NON DEIXEN NUNCA AS MÁQUINAS SEN SUPERVISIÓN.**

Botámonos a rir, un á beira do outro nas nosas cadeiras de plástico unidas. Logo quedámonos en silencio. Non se oía nada salvo a auga en movemento, rítmica como as ondas do océano. A súa man de buda estreitou a miña.

Pasou un tren. Deume unha cotenada.

—Gran cabalo de ferro! —e botámonos a rir outra vez.

Teño moitos prexuízos infundados sobre a xente, como que a todos os negros por forza halles de gustar Charlie Parker. Os

alemáns son antipáticos, os indios teñen un sentido do humor raro. Parecido ao da miña nai: un dos seus chistes favoritos é o do tipo que se agacha a atarse o cordón do zapato, e vén outro, dálle unha malleira e di: «Sempre estás a che atar os cordóns!». O outro é o dun camareiro que está a servir e bótalle a sopa encima ao cliente, e di: «Vaia, está coma un pito». Tony adoitaba repetirme chistes deses os días lentos na lavandería.

Unha vez estaba moi bébedo, borracho violento, e meteuse nunha pelexa cuns vagabundos no aparcamento. Rompéronlle a botella de Jim Beam. Angel dixo que lle compraría unha petaca se ía con el ao cuarto de pasar o ferro e escoitáballe. Saquei a miña coada da lavadora e metina na secadora mentres Angel faláballe dos doce pasos.

Cando saíu, Tony púxome unhas moedas na man. Metín a súa roupa nunha secadora mentres el debatíase co tapón da botella de Jim Beam. Antes de que me dese tempo a sentarme, empezou a falar a berros.

—Son un xefe! Son un xefe da tribo apache! Merda!

—Ti si que estás feito merda —quedou sentado, bebendo, mirándome as mans no espello—. Por iso tócache facer a coada, eh, xefe apache?

Non sei por que o dixer. Foi un comentario de moi mal gusto. Se cadra pensei que riría. E se rio, de feito.

—De que tribo es ti, pel vermella? —díxome, observándome as mans mentres sacaba un cigarro.

—Sabes que o meu primeiro cigarro acendeumo un príncipe? Pódescho crer?

—Claro que mo creo. Queres lume? —acendeume o cigarro e sorrímonos. Estabamos moi preto un do outro, e de súpeto esborrallouse cara a un lado e quedeime soa no espello.

Había unha moza nova, non no espello, senón sentada xunto á xanela. Os rizos do seu pelo na bruma parecían pintados por Botticelli. Lin todos os carteis. DEUS, DÁME FORZAS. BERCE NOVO A ESTREAR (POR MORTE DE BEBÉ).

A moza meteu a súa roupa nun cesto turquesa e foise. Levei a miña coada á mesa, revisei a de Tony e puxen outra moeda de dez centavos. Só estabamos el e eu. Mirei as miñas mans e os meus ollos no espello. Uns bonitos ollos azuis.

Unha vez estiven a bordo dun iate en Viña do Mar. Aceptei o primeiro cigarro da miña vida e pedinlle lume ao príncipe Alí Khan. «Enchanté», díxome. A verdade é que non tiña mistos.

Dobrei a roupa e cando chegou Angel fun a casa.

Non recordo en que momento caín na conta de que nunca volvín ver a aquel vello indio.

LUCÍA BERLIN, *A Manual for Cleaning Ladies*. Washington, D.C, 1977.